



## **Instrución 6/2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, sobre a xornada semanal do persoal docente que imparte educación infantil e primaria.**

Na Orde do 23 de xuño de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, publicada no DOG do 30/06/2011, regúlase a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O artigo 4 desa Orde recolle a xornada semanal do persoal funcionario e laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria e educación especial. Neste artigo establécese que haberá 25 horas de carácter lectivo con presenza obrigatoria no centro, ao que se engaden 5 horas máis de presenza no centro para as actividades propias deste, que se especifican no artigo 6, e quedarían 7 horas e media que o persoal docente debe dedicar ás funcións e actividades que lle correspondan, e que se explicitan no artigo 7, pero sen que resulte imprescindible a presenza no centro educativo.

Por Resolución do 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicada no DOG do 17/01/2024, dáse publicidade ao texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O punto 3 dese Acordo implica a redución do horario lectivo do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria a 23 horas. Este Acordo resulta vinculante en virtude do artigo 154 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e en virtude do artigo 38 do Estatuto do empregado público, cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto legislativo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O artigo 3.1 do Código Civil sinala que as normas deben ser aplicadas atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas.

O artigo 6.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo.

Ante as dúbidas xurdidas sobre horas de presenza no centro na aplicación do Acordo publicado no DOG do 17/01/2024 en relación coa Orde do 23 de xuño de 2011, no uso das facultades conferidas polo Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e pola Orde desa





Consellería do 5 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Dirección Xeral da Centros e Recursos Humanos, coidamos oportuno ditar esta instrución:

Única.- A partir do curso 2024/2025 a xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e primaria terá 23 horas de carácter lectivo con presenza no centro, e 5 horas máis que se dedicarán ás actividades do centro educativo tamén con presenza neste; mentres que as 9 horas e media restantes, para completar a xornada de 37 horas e media, dedicaranse a realizar ás funcións e actividades propias dese persoal sen que resulte obrigada a presenza no centro.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

